



**BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE UN AUXILIAR ADMINISTRATIVO A XORNADA COMPLETA COMO FUNCIONARIO INTERINO (ARTIGO 10.1.C DO EBEP) QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DE TRABADA AO ABEIRO DO “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022 PLAN PROVINCIAL ÚNICO”.**

**1.-OBXECTO**

**1.1. Obxecto:** Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso- oposición de un **AUXILIAR ADMINISTRATIVO** a xornada completa para ser contratado como funcionario interino ao abeiro do Programa Fomento **do emprego 2022 do Plan Provincial Único 2022**.

Esta colaboración se materializa a través da achega económica por parte da Deputación Provincial de Lugo do 100% dos custes salariais e da Seguridade Social dos traballadores contratados.

Visto que a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, dispón no seu artigo 20.catro que durante o ano 2022 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

En dependencias de Oficinas Xerais e para o desenvolvemento habitual de todas as tarefas de xestión administrativa, Rexistro Xeral, despacho de correo, atención telefónica e persoal, Padrón de Habitantes, xestión recadatoria, tramitación administrativa ordinaria... únicamente se conta con dúas persoas, unha funcionaria de carreira auxiliar administrativa e unha auxiliar de biblioteca ( en situación de baixa por enfermidade común ) e outras tarefas administrativas e que se encarga do Punto de Información Catastral, Rexistro de Paz, Rexistro de Facturas e apoio á Intervención.

Resulta imprescindible reforzar os servizos administrativos municipais a fin de poder prestar os mesmos en termos de eficiencia e paliando a evidente distorsión entre o tamaño da plantilla de persoal e as necesidades do mesmo. Dende o 2015 estanse tramitando moitas subvencións, tanto á administración autonómica como estatal. Prevese unha convocatoria extraordinaria derivada da crise do COVID a través da cal os Concellos pequenos poderemos solicitar axudas de forma directa a Fondos Europeos e resulta preciso contar cunha persoa que se encargue da elaboración das memorias explicativas así como da súa tramitación.

A duración do vínculo do servizo concertarase cunha duración determinada de **2 meses e 3 días, rematando en todo caso antes do 31 de outubro de 2023** e a xornada compelta.

**1.2. Normas de aplicación:** As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril,

**Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público e polo Real Decreto- Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo

**1.3. O sistema de selección** dos aspirantes será o de concurso - oposición.

**1.4.** A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Trabada así como na páxina web da Excmá Deputación Provincial de Lugo, na sede electrónica do Concello de Trabada ( <https://trabada.sedelectronica.gal>).

## **2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARACTERÍSTICAS**

2.1 O vínculo do servizo terá as seguintes características:

- Grupo/subgrupo Profesional: C/C2.
- Réxime Xurídico: Funcionarial (funcionario interino do artigo 10.1.c/ “execución de programas de carácter temporal” do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- Duración do vínculo de servizo: 2 meses e 3 días desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 31/10/2023.
- Tempo Xornada: A tempo completo

## **3.-FUNCIONES**

O obxecto do vínculo do servizo de carácter temporal que se celebre a resultados do proceso de selección estará integrado polas funcións propias dun administrativo realizando traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación co funcionamento dos servizos administrativos do Concello, tales como tarefas de apoio á Secretaría na

---

### **Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





tramitación completa de expedientes de subvencions ou axudas públicas das que poida resultar beneficiario o Concello, Rexistro Xeral, despacho de correo, atención telefónica e persoal e con especial atención ó Punto de Información Catastral e a todos os expedientes, de carácter municipal ou privado, que teñan relación co catastro ademáis da tramitación administrativa ordinaria... Reforzar a plantilla de cara a vacacions, licencias e/ou eventuais permisos por enfermidade.

#### **4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

---

### **Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





- e) Titulación: Estar en posesión do título de graduado en ESO.
- f) Acreditación do coñecemento da lingua galega: Fotocopia cotexada do Celga IV, título de iniciación ou titulación equivalente, ou certificado orixinal expedido polos Centros educativos correspondentes.
- g) Estar inscrito na Oficina de Emprego en situación de desemprego ou de mellora de emprego, que deberá acreditarse con certificación da Oficina de Emprego e/ou cun informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Conforme ao artigo 11.1 das Bases Regulatoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022, publicadas no BOP de Lugo número 6 do día 10 de xaneiro de 2022, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego, quedando excluídos os custes e persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

## **5. SOLICITUDES.**

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirse á Sra. Alcaldesa do Concello de Trabada, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria na sede electrónica do Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- b) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- c) Declaración responsable, asinado pola ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administración públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo

---

### **Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

d) Fotocopia cotexada do Celga IV, título de iniciación ou titulación equivalente , ou certificado orixinal expedido polos Centros educativos correspondentes.

e) Copia compulsada do título de Bacharelato, ou certificado que corresponda.

f) Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego ou, para os casos de mellora de emprego, informe de vida laboral.

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na sede electrónica do Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, a Alcaldesa ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

---

### **Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

## **7. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN**

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

A Alcaldesa nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se procurará a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

### **Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

## **8. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN. CONCURSO – OPOSICIÓN.**

### **FASE DE OPOSICION: EJERCICIOS DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.**

**Primeiro exercicio:** Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I ( máis 3 preguntas de reserva que deberán ser contestadas ), durante un período de 30 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo. Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos ( 0, 50 x pregunta) sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala. Cada pregunta incorrecta descontará 0,25 puntos.

**Segundo exercicio:** Consistirá nunha proba de tipo práctico, relacionada co contido funcional e tarefas propios da vacante convocada e que se corresponderá, a súa vez, coas materias comprendidas no temario que figura no anexo I e na que se plantearán, por parte do tribunal, un ou varios supostos, e dirixidos a avaliar os coñecementos e capacidades das persoas aspirantes en relación co posto. O contido da dita proba será determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 1 hora (60 minutos) A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos necesario para alcanzar dita nota mínima. As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes serán as medias aritméticas das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

---

### **Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





**NOTA:** En caso de que algún dos aspirantes non presentase o certificado de CELGA 4 que demostre o coñecemento da lingua galega, será obrigatoria a realización dunha proba de carácter eliminatorio que demostre o coñecemento da lingua galega. A duración da proba será de 60 minutos e se realizará con posterioridade a realización do segundo exercicio no mesmo día.

### **FASE DE CONCURSO ( CARÁCTER NON ELIMINATORIO )**

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a proba da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese **en catro (4) puntos** e serán o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

#### **a) Formación Académica: Máximo 2 puntos.**

Titulación Universitaria superior( licenciatura ou equivalente): 2

Diplomatura Universitaria ou equivalente: 1

#### **b) Formación lingüística: Máximo 2 puntos.**

B1 lingua estranxeira inglesa: 1 punto

B2 lingua estranxeira inglesa: 2 puntos

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

**O Tribunal, en ningún caso, poderá valora o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para enmendadas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela**

### **9. DESENVOLVEMENTO DA PROBA**

Os dous exercicios realizaranse nun mesmo día e no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, na sede electrónica do Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) e no taboleiro de anuncios o día, hora e lugar onde se celebrarán as probas.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello sito na Casa Consistorial e na sede electrónica do Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ).

Os aspirantes deberán presentarse para a realización dos dous exercicios provistos de

#### **Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257







DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, se estará o resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no Art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **10. RELACIÓN DE APROBADOS.**

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello sito na Casa Consistorial e na sede electrónica do Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate na puntuación do exame ( 20 preguntas ) se resolverá, en primeiro lugar tendo en conta o resultado das tres preguntas de reserva e, se persistise o empate, por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requerir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación poderá servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o periodo de duración do plan de Fomento de emprego.

## **11. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o

---

### **Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





aspirantes reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias, acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que icorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

## **12.- FORMALIZACIÓN DA RELACIÓN DE SERVIZO**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, a Sra. Alcaldesa resolverá o proceso e se formalizarán a toma de posesión como funcionario interino de carácter temporal por un periodo de 2 meses e 3 días, sendo en todo caso o data límite de remate o 31 de outubro de 2023 e a xornada completa.

## **13. IMPUGNACIÓN.**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma poderán, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados e interesadas nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**En Trabada, o asina a Sra. Alcaldesa na data que figure á marxe;**

---

**Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





## **ANEXO I.-TEMARIO**

**TEMA 1.- A Constitución. Idea Xeral . A Corona. As Cortes Xerais.**

**TEMA 2.- O Goberno e a Administración. O Poder Xudicial.**

**TEMA 3.- As Comunidades Autónomas. A Administración Local. Organismos Autónomos e outros Entes Públicos.**

**TEMA 4.- A Comunidade Autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía. O Parlamento de Galicia.**

**TEMA 5.- Dereito Administrativo estatal e autonómico: idea xeral. Conceptos básicos do Dereito Administrativo: o acto administrativo e o procedemento administrativo. Recursos.**

**TEMA 6.- O persoal ao servizo das administracións Públicas. Especial mención ao personal laboral.**

**TEMA 7.- Idea xeral do réxime xurídico do persoal laboral. Dereito e deberes. Réxime disciplinario.**

**TEMA 8.- Recursos económicos das entidades locais. Procedemento recaudatorio.**

**TEMA 9.- Concello de Trabada. Encuadre territorial e poboacional.**

**TEMA 10.- Réxime xurídico das subvencións das Administracións Públicas.**





**ANEXO II a).-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO  
PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN  
(1) POSTO DE TRABAJO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO  
CONCELLO DE TRABADA, EN RÉXIME FUNCIONARIO INTERINO DE  
CARACTER TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-  
OPOSICIÓN.**

D/

a .....provisto/a  
de D.N.I. n°..... con endereço na  
R/.....n°.....piso.....  
.....

C.Postal.....Localidade.....  
.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Trabada para a contratación como funcionario interino a xornada parcial, de 1 administrativo.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Trabada para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

**Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





- Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- Declaración responsable, asinado pola ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administración públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Fotocopia cotexada do Celga IV, título de iniciación ou titulación equivalente , ou certificado orixinal expedido polos Centros educativos correspondentes.
- Tarxeta de demandante de emprego expedida pola Oficina de Emprego correspondente ( ou no seu caso de mellora de emprego )
- Copia compulsada do título de graduado em ESO, ou certificado que corresponda.
- Fotocopia de títulos acreditativos dos méritos alegados.

En Trabada, a ..... de xuño de 2023

A Alcaldesa-Presidenta

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TRABADA**

---

**Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





### **ANEXO III: PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE Trabada para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE Trabada na lexislación vixente.

Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Rúa do Concello 15, 27765, Trabada ( Lugo).

